



INFORMACIÓN SOBRE A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE MATRÍCULA – CURSO 2023/24

(PARA ALUMNADO NOVO NO CENTRO)

Do 1 ao 20 de marzo de 2023

Como podo presentala?

Hai tres opcións:

- Cubrir a solicitude de forma telemática e asinala en Sede Electrónica.
- Cubrir a solicitude de forma telemática e presentala asinada de xeito manual na secretaría do centro..
- Cubrir a solicitude manualmente e presentala de forma presencial no centro.

Que documentación debo presentar do 1 ao 20 de marzo?

- Orixinal ou copia cotexada do DNI da/o alumna/o (se o ten), da nai e o pai.
- Orixinal ou copia cotexada do Libro de Familia.
- Documento acreditativo de reunir os requisitos académicos (alumnado de primaria).
- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor, de ser o caso.
- Anexo aportando a información solicitada:
 - Parada de transporte solicitada, se é o caso.
 - Elección entre Relixión Católica, Evanxélica ou Educación en valores.
 - Se solicita comedor escolar.
 - Autorización de imaxe asinada.
 - Enquisa sobre o uso do galego ou castelán.

Esta información podédela atopar na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>

Cando sairán as listaxes de admitidos?

A listaxe provisional sairá o 25 de abril de 2023, haberá un prazo de reclamación de 5 días hábiles contados desde o seguinte á súa publicación.

As listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido publicaranse o 15 de maio.

Onde poderei consultar as listaxes?

Debido á lei de protección de datos, as listaxes estarán expostas unicamente no interior do edificio, polo que deberedes consultarlos de forma presencial en horario lectivo. Tamén se poderán consultar de forma telemática coa chave 365.

E despois?

Unha vez admitidos teredes que formalizar a matrícula entre os días 20 e 30 de xuño cando se abrirá un prazo para actualizar información e/ou documentación por se houbera algún cambio. En xuño tamén presentarán a documentación referente ao comedor, o padrón e unha fotografía tamaño carnet.